

## Uso responsable

Non toda a información atopada na internet é axeitada, completa, obxectiva e actualizada, e pode ser ofensiva. Fíxate na autoría das páxinas, dá certa fiabilidade.

Non se permite facer uso do servizo para acceder a páxinas con contido pornográfico, xenófobo ou violento.

A biblioteca non se responsabiliza dos contidos que poidan consultar as persoas menores autorizadas que non veñan acompañadas.

Ao usar este servizo comprométeste a respectar a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e as leis en xeral. O seu uso implica tamén a aceptación das normas da biblioteca que o regulan.

Se non cumpres as condicións de uso, podes quedar un tempo sen poder usar o servizo: 1 semana no primeiro aviso, 1 mes no segundo ou 1 ano no terceiro. O persoal da biblioteca resérvase o dereito de interromper a sesión da persoa que non siga as normas.

DL: C 557-2025

## Servizo de internet

O uso da internet é **público e de balde**. Non se precisa ningún documento para poder usala.

Os ordenadores destinados a este fin están sinalizados como **"Consulta de internet"** e están distribuídos en todos os andares.

### Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

Avda. Xoán XXIII, s/nº  
15704 Santiago de Compostela

Tlf. 881 999 401



[biblio.publica.santiago@xunta.gal](mailto:biblio.publica.santiago@xunta.gal)



<https://bibliotecas.xunta.gal/santiago>



<https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>



<https://x.com/bpsanxelcasal>



<https://instagram.com/bpsanxelcasal>



<https://bsky.app/profile/bpsanxelcasal.bsky.social>



BIBLIOTECA PÚBLICA  
DE SANTIAGO  
ÁNXL CASAL

## SERVIZO DE INTERNET

### E USO DOS ORDENADORES DA BIBLIOTECA



BIBLIOTECA  
PÚBLICA DE  
SANTIAGO ÁNXL  
CASAL



XUNTA  
DE GALICIA

## Que podo facer nos ordenadores da biblioteca?

O servizo está pensado para a procura de información con fins culturais, de investigación e de consulta en xeral.

Tamén podes:

- **Crear documentos** con Libre Office, compatibles con Microsoft Office ou co editor de imaxes Gimp.
- **Gravar información** nunha memoria externa.
- **Consultar cds e dvds.** Solicita un lector externo no mostrador de información.



Por motivos de seguridade, non se pode gardar nada no escritorio, nin crear arquivos. Non se pode instalar ningún programa nin modificar a configuración do ordenador.

A tarxeta de seguridade dos ordenadores borra toda a información cando se acaba ou pecha cada sesión.



## Como se fai a primeira vez?

A primeira vez hai que rexistrarse.

Nos campos Usuario e Password introduce "novousuario", pulsa Intro, escolle "**formulario alta**" e a continuación "**darse de alta como usuario da Rede**". Abrirase un formulario no que debes introducir os teus datos persoais.

Se ao premer "Aceptar" che pide a conta do bibliotecario, achégate ao mostrador.

Anota o **nome de usuario** e o **contrasinal** que poñas, son os que tes que usar cada vez que veñas. Se os esqueces, pregunta no mostrador.

Cada persoa poderá **darse de alta unha soa vez e ter un único nome de usuario/a rexistrado.**

O nome de usuario é persoal e intransferible, **non pode ser usado por outra persoa.**

## E se xa estou na base de datos?

A base de datos de usuarios é común a todas as bibliotecas da Rede xestionadas pola Xunta de Galicia, se xa te inscribiches neste programa nalgunha outra biblioteca **non tes que volver a facelo**, entra xa coas túas credenciais.

## Uso da internet por menores de idade

Para usar a internet, as persoas **menores de 16 anos** deben ter a autorización do pai/nai ou titor, que debe rexistrarse antes.

Se teñen menos de 14 anos poden usar os ordenadores da **sala infantil**, que son do seu uso exclusivo. Se están acompañados, tamén poden usar os do **andar baixo**.

